

Para cooperarmos cómpre axudarmos aos demais
e recibirmos apoio

Láminas 11 e 12

Prestar e recibir apoio é pór en práctica a confianza, a solidariedade e a reciprocidade. Significa asumirmos de bo grao que non sempre somos autosuficientes, e significa tamén a disposición a facermos esforzos polos demais. O cambio de papeis (axudar e ser axudado) outórganos maior flexibilidade e capacidade de resposta.

Obxectivos

Vivir experiencias de solidariedade e reciprocidade: dar e recibir apoio.

Proposta de dinámica: os sacos

Trátase de manter sobre a cabeza un saco de legumes, mentres se salta. Se o saco cae, debe ser axudado polos compañeiros e as compañeiras.

- *Material:* bolsas con legumes, area ou outras variantes, cun peso axeitado para que non caia con facilidade.
- *Desenvolvemento:* cada neno ou nena coloca a bolsa sobre a cabeza. Saltan, ben ao seu propio ritmo, ben a un ritmo que se lles marque e que pode ir cambiando. Tamén poden introducirse variantes: saltar cara a atrás, facelo en círculo, seguir o ritmo da música, etc. Se a bolsa cae ao chan, a persoa que a levaba queda “conxelada” e outro participante ten que volverlla colocar para “desconxelala”, tratando de que non lle caia a súa.

Traballo de reflexión e avaliación

Cantas veces axudamos aos demais?


Sentiamos medo de que, por axudar, fose caer a nosa bolsa?

Gústanos máis axudar ou que nos axuden?

Que foi o que máis nos gustou do xogo?

Que relación hai entre o xogo e o que pasa nas láminas?

Fonte: Paco Cascón Soriano e Carlos Martín Beristain. “La alternativa del juego [1] Juegos y dinámicas de educación para la paz”. Ed. La Catarata, Madrid, 2004.



¿Como unha nena en cadeira de rodas vai poder axudarlle a el? (Lámina 11)

Un neno está tratando sen éxito de coller unhas follas de moreira para os seus vermes de seda. O caso é que as follas están moi altas e non dá chegado a elas. Unha rapaza en cadeira de rodas está ofrecéndolle axuda, pero o outro rexéitaa: como unha nena en cadeira de rodas lle vai poder axudar a el? Xa que logo, vémoloo teimudo tratando de chegar ás follas sen conseguilo, pero sen dar o seu brazo a torcer e desprezando, case ofendido, a axuda do outro.



A cadeira de rodas serviulle para chegar ás follas (Lámina 12)

O neno e a nena están por fin botándolle follas de moreira aos vermes de seda. A nena baixou da cadeira de rodas e está sentada no chan, coas pernas estarricadas (nótase que non ten forza nelas, porque están simplemente deitadas no chan). Os dous aparecen divertidos e amigables, entregados con entusiasmo ao seu labor de coidadores dos vermes e esquecidos por completo da actitude distante que antes parecía separalos. Por detrás pódese ver como conseguiron alcanzar as follas, colocando a cadeira de rodas cunha táboa calquera que vai de pousabrazos a pousabrazos.